

CIG-SAÚDE

INFORMA:

Información mesa sectorial 3 de xuño de 2014.

Ao inicio da reunión solicitamos da Admón que fixera un pronunciamento publico desmentindo ás declaracións do deputado do PP no que acusaba ás organizacións sindicais e as/os traballadoras/es do peche de camas. Se o deputado do PP “ Núñez Centeno”, que por certo forma parte da comisión V do Parlamento de Galiza, comisión de Sanidade, non ten mellor argumento que intentar desprestixiar as/os profesionais da sanidade pública, para xustificar a decisión Política do peche de camas que estea calado, total vai cobra igual.

A Directora de RRHH comunicou que non había ningún pacto coas organizacións sindicais para o peche de camas.

O Directos de Asistencia sanitaria dixo que o peche de camas é unha decisión unilateral da Consellaría de Sanidade.

Quedaron en que tiñan que escoitar a gravación das manifestacións deste deputado e que logo se pronunciarían, non imos deixar pasar este tema.

Temas incluídos na Orde do día:

1.- Procesos de integración no réxime estatutario.

Onte quedaron definitivamente aprobadas as ordes de integración do persoal funcionario e laboral das antigas corporacións locais (deputacións), e as orde de integración do persoal das fundacións. Segundo a Admón en breve saíran publicadas no DOG.

Como sabedes, para o persoal de APD a integración é aberta e permanente, poden solicitalo cando desexen.

2.- Procesos de provisión.

a.- OPE de FEAS e MUH en curso.

O s tribunais xa remataron a revisión das impugnacións das preguntas, e van a proceder a lectura automatizada dos exames, con un lector, e de xeito anónimo. **Prevén que n 1ª quincena de xuño poidan publicar os listados coa nota de oposición.** Unha vez publicadas estas listaxes abriase un prazo de reclamación por erro aritmético.

No mes de Xullo prevén publicar o listado definitivo de OPE, remata o proceso de oposición.

Valoración de méritos: o SERGAS vaille pasar aos tribunais uns listados coa ficha individual de baremación de cada opositor recollida no expediente-e . Estes listados conterán a puntuación da formación académica, formación continuada, experiencia profesional.... A baremación do apartado de Innovación e investigación farana os tribunais, isto refírese a todo o relacionado con publicacións e investigación, que non está validado no expediente.

CIG-SAÚDE

www.cig-saude.info

Telf. 981 552 826

secretarianacional@cig-saude.info

executiva@cig-saude.info



CIG-SAÚDE

INFORMA:

A toma de posesión deste persoal serán en xaneiro do 2015, aproximadamente.

b.- OPE persoal de enfermaría e de médicas/os de familia.

No mes de xuño convocarán a comisión de OPE para ver o borrador de convocatoria e o baremo.

c.- Traslados de persoal sanitario que están en proceso.

Día 5 de xuño publicación do listado de admitidos e excluídos, ábrese o prazo de reclamación.

d. Convocatoria de traslados do persoal de xestión e servizo.

Entregaron a copia das prazas que van convocar, copia remitida no día de onte. As prazas a convocar son as vacantes cubertas, o resto amortizadas. Temos que enviar alegacións.

Como CIG-SAÚDE ademais de mostrar o noso rexeitamento ao nº de prazas convocadas, solicitamos que se incorporen todas as prazas, incluídas as que pensan privatizar, esiximos a paralización da privatizacións e que cesen na súa política de destrución de emprego público para beneficio da privada.

3.-Cómputo de Xornada.

Este tema foi a mesa sectorial a petición de CIG-SAÚDE. Como sabedes nos centros algunhas organizacións están a facer reclamacións sobre os lds, enganando ao persoal sobre como se computa a xornada, e por certo que están a perder todas as sentenzas.

Admón presentou na reunión unha circular dirixida as/os traballadoras/es explicándolles como se computa a xornada, tamén van enviar unha instrución interna aos mandos intermedios para que coñezan como se calcula.

Como CIG-SAÚDE denunciemos a desidia da Admón neste tema, deixando alimentar un conflito ficticio.

Se a CIG-SAÚDE non insiste non publican nada, nin para as/os traballadoras/es nin para os seus mandos.

O nº de reclamación presentadas é indicativo do malestar que existe nos centros, pero tamén ven motivado polo mal que se están a facer os cómputos de xornada, desvirtuando totalmente o acordo do 2001.

Desde CIG-Saúde esiximos que se nos aplique a circular de horario de verán que a Admón Pública ditou para as/os empregados públicos.

CIG-SAÚDE

www.cig-saude.info

Telf. 981 552 826

secretarianacional@cig-saude.info

executiva@cig-saude.info



CIG-SAÚDE

INFORMA:

Se as/os traballadoras/es do SERGAS somos empregadas/os públicos para que nos apliquen todas as medidas de recortes: lds. días adicionais de vacacións, días de antigüidade, paga extra... Tamén temos que ter a condición de traballadoras/es públicos cando a Admón Pública emite normas favorables ao seu persoal.

A instrución de Función Pública recolle que para garantir a conciliación da vida laboral e familiar das/os traballadoras/es estas/es reducirán desde o 16 de xuño ao 15 de setembro unha hora de xornada diaria= a 60hs de redución de xornada neste período.

Desde CIG-SAÚDE esiximos que se respecte o dereito das/os traballadoras/es da sanidade pública a poder conciliar a vida laboral e familiar, en base a isto solicitamos que esas 60hs de redución de xornada se nos compute en días libres.

Do mesmo xeito comunicámoslle que o Boletín do Senado do día 22 de maio do 2014 recolle o 5º Id, e dicir que neste ano nos van a devolver un día dos roubados. Solicitamos que cando elaboren a nova táboa de xornada o fagan pensando nas/os traballadores e que a maior redución horaria se concentre no nº de noites que fai o persoal, e dicir que a maior redución de xornada se produza a partires da noite 30 até a noite 63.

4. Especialidades de Enfermaría.

A Admón en torno a mediados de xuño vai convocar un grupo de traballo sobre as especialidades de enfermaría, xa teñen elaborado un documento.

Desde CIG-SAÚDE manifestamos a nosa aposta pola especialidades de enfermaría, solicitamos que se recoñeza a promoción profesional das/os traballadoras/es fixos e que se transformen en prazas de especialistas todas aquelas que estean ocupadas por persoas que accederon á especialidade pola vía transitoria, quedando esta vía aberta para as persoas que con posterioridade accedan á especialidade.

A diferenza salarial entre unha enfermeira especialista e unha enfermeira xeneralista é de 58.16€ co que aforraron da carreira profesional das enfermeiras que se xubilaron podería reconverter a enfermeiras especialistas a un total de 11.179, e dicir case o dobre de prazas de enfermeiras que ten o SERGAS.

5.- Reordenación de actividade no período estival: peche de camas.

Nada novo na súa argumentación que difira da que levan repetido insistentemente, lamentan que non se contrate e que se modifiquen as condicións do persoal. Insisten en que coa ciruxía ambulatoria se necesitan menos camas e que no verán diminúen as patoloxías respiratorias. Non o fan por aforrar senón por que fan unha xestión eficiente.

Entramos ao debate de xordos do que xa podedes adiviñar o resultados.

CIG-SAÚDE

www.cig-saude.info

Telf. 981 552 826

secretarianacional@cig-saude.info

executiva@cig-saude.info



CIG-SAÚDE

INFORMA:

6.- Rogos e preguntas.

A Admón entréganos copia dunha instrución para facilitar que a excedencia por coidado de filla/o e familia ao seu cargo. Apoiamos esta medida , enviase a circular.

CIG-SAÚDE. Reiteramos a nosa petición de que convoquen a comisión de seguimento de primaria para falar da voluntariedade.

Solicitamos que nos se informe na mesa sectorial sobre a OPE do CTG.

Insistimos en que se negocie o código numérico de identificación de prazas.

CIG-SAÚDE

www.cig-saude.info

Telf. 981 552 826

secretarianacional@cig-saude.info

executiva@cig-saude.info

